

Mércores, 11 de febreiro de 2026

Núm. 28

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións**

*LISTA DEFINITIVA, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE REALIZACIÓN DO 1.º
EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 1 PRAZA VACANTE DE AUXILIAR
DA ADMINISTRACIÓN XERAL, A TEMPO PARCIAL (QUENDA DIVERSIDADE FUNCIONAL)*

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-0429, con data de 05/02/2026, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de persoal funcionario de carreira, coa denominación de AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, A TEMPO PARCIAL (Reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional), polo sistema de oposición e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2021, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, nos BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016 e núm.: 25, do 08/02/2021.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal funcionario denominada AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, A TEMPO PARCIAL (Reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional), polo sistema de oposición e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2021, publicáronse no BOPPO núm.: 93, do 16/05/2023.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 07/07/2023 e rematou o día 04/08/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-2876, con data de 04/12/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, A TEMPO PARCIAL incluída na oferta de emprego público do ano 2021, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 236, do 11/12/2023.

O día 26/12/2023 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.



Mércores, 11 de febreiro de 2026

Núm. 28

Tras non presentarse alegacións contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas Bases Xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e de acordo coas bases específicas da convocatoria que se publicaron no BOPPO núm.: 93, do 16/05/2023, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas para a cobertura dunha praza vacante de AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, A TEMPO PARCIAL (Reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional), polo sistema de oposición (Persoal Funcionario).

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza de AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, A TEMPO PARCIAL (Reservada a persoas que teñan recoñecida a condición legal de persoa con diversidade funcional), polo sistema de oposición (Persoal Funcionario), que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTA:

Titular: Alejandra Fernández Conde, traballadora social do Concello de Redondela.

Suplente: Patricia Carrera Soto, educadora social do Concello de Redondela.

SECRETARIA:

Titular: Ana Gesteira Ponce, auxiliar de Arquivo do Concello de Redondela.

Suplente: Xurxo Martínez González, técnico de Normalización Lingüística do Concello de Redondela.

VOGAIS:

Titular: María Barreiro Tosar, técnica media de Xestión adscrita ao ORAL da Deputación de Pontevedra.

Suplente: José Ramón Rodríguez Juncal, administrativo de Xestión Tributaria adscrito ao ORAL da Deputación de Pontevedra.

Titular: María Gonzalez Couto, administrativa de Xestión Tributaria adscrita ao ORAL da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Raquel Portela Cajiao, técnica auxiliar do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra.

Titular: María Aránzazu Tomé González, auxiliar administrativa do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Raquel Carracedo Picáns, administrativa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra.



Mércores, 11 de febreiro de 2026

Núm. 28

TERCEIRO: A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 02/03/2026

HORA: 10:00

LUGAR: Telematicamente.

CUARTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do 1º exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 17/03/2026

HORA: 10:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO: Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: BISTT1KE8ZQVOW71

